



Axúdanos a mellorar
Subscríbete!



Dioivo

- INICIO
- PROXECTO
- BLOGUES
- CRÓNICAS
- HUMOR GRÁFICO

Procurar

/ [Creación](#) / [Formas](#) / [A viaxeira da luz](#)

Dioivo na rede

A viaxeira da luz

Categoría: [Formas](#) Publicado o Xoves, 03 Xaneiro 2013 17:49

Escrito por [Carlos Santiago](#)



+1 0

Share

Tweet 3

0 Comentarios



ai na
pintura de
[Maria](#)
[Meijide](#)
un
secreto
paradoxo.

H

Fascinada polas composicións puras de Piet Mondrian e a ausencia absoluta do autor na súa obra, o seu tema case exclusivo é o propio espazo vital. Paisaxes e retratos, nun sedutor continuo óptico, rexistran case de xeito obsesivo o mundo inmediato que se precipita nos seus ollos. Máis que o seu mundo, diríamos mellor as súas cousas. Sofás, libros, rúas ou amantes, posan relaxados nun certo abandono metafísico, deixando que a luz obre o milagre da súa aparición. Sen transcendencia, sen profundidade psíquica. Cousas.

Estamos tal vez diante dun xogo perverso. E queremos xogar. Apenas debemos seguir unha regra: se dentro das cousas hai un espírito, só a materia o pode revelar. Convocamos a partida na [Galería Metro](#) da compostelá Rúa Nova, onde a autora presenta ata este Sábado día 5 a súa última exposición. Perto de trinta pezas que compendian unha etapa da vida, logo de catro anos en Lisboa e algúns regresos esporádicos a Santiago que os amigos nativos sempre agradecen.

Comecemos polas ironías, se che parece. Ese título: “Amigos, amores e outras cousas”.

Vaime custar

É para o Dioivo. Son preguntas molladas.

Si, hai certa ironía. Hai pintura de cousas, e os amigos e os amores están aí como cousas. É o meu tratamento pictórico. Gústame pintar as persoas como se fosen bodegóns. De feito é o que intento, un tratamento de natureza morta, de cousa, apelar a un materialismo radical.

O retrato clásico procura esencias. Ti pareces contentarte con rexistrar existencias.

Vou máis por aí. Trato de centrarme máis no que hai que no que é. E ademais soa ben: “Amigos, amores e outras cousas”

Outra ironía é que recuperas o retrato e a paisaxe, dous xéneros identificados coa arte burguesa tradicional, se me permites tan aberrante concepto.

E segue sendo arte burguesa!

Pero hai aí unha elección subversiva, paréceme. Como querendo confrontar unha certa arte contemporánea marcada pola ruptura e a transgresión permanente dos xéneros

Si, porque eu sufrín unha educación plástica onde a posmodernidade académica impedía facer un traballo de oficio e a pintura como tal estaba completamente relegada.

Oficio. Unha antiga palabra.

Si, non me preocupa tanto a cuestión dos xéneros. Uso o retrato e a paisaxe, que por outro lado sempre se fixeron, sempre estiveron presentes en moitos autores ao longo da historia... o que pasa é que curiosamente case non hai estudos. Fálase do tópico da súa emerxencia no século XVI pero non é verdade, penso eu. Desde sempre se traballou este tipo de pintura, chega con visitar Pompeia para comprobalo.

Dise que os romanos tiñan vicio polo retrato

Creo que houbo unha continuidade bastante máis lineal do que se pensa... non estou de acordo cos estudos que fan nacer a paisaxe e o retrato no século XVI tras ir desligándose da pintura histórica.

En calquera caso ti reivindicas o oficio, unha categoría bastante desprestixiada fronte á figura do xenio creador.

De feito si. Non comparto esa visión do artista romántico que despois morre de tise. Non me interesa nada. Eu quero vivir máis ou menos ben e que o meu traballo estea inserido na vida, na economía real.

Aliteremos un pouco. A paisaxe esixe a viaxe. Desde o inicio do teu traballo en 2004, es unha pintora viaxeira. Senegal, Milán, México, Buenos Aires, Lisboa... hai vocación pola paisaxe urbana.

Teño algunhas pezas na natureza, pero a cidade, si, é o que me atrae... non son paisaxes oníricas, son do real

Unha pintora realista, en todos os sentidos.

É o que máis me interesa. Traballar do natural. Tamén che digo, é unha cuestión de pracer máis que nada. Levo sempre comigo pequenos cadernos de viaxe, moi cómodos e manexables, de onde saen logo os cadros que completo no taller; aínda que nesta exposición en concreto as paisaxes están feitas in situ.

Falas da serie sobre as Festas de Santo Antonio en Lisboa.

Si. Foi moi divertida de pintar, un pouco bebendo polas noites e pintando polo día, que é unha das mellores maneiras de curar a resaca.

Pintabas os cadros directamente na rúa entre cervexas e racións de sardiña

Si. Se podo, canto máis directo mellor

Todo un encanto lisboeta, o de poder pintar na rúa sen problemas

Nada que ver co que pasa aquí. No loxístico, por exemplo. Aquí tes que andar pedindo permisos e todo iso. Alí non, non hai ningún problema. Estivo guai, porque a xente dos postos convidábame a quedar a comer e foi unha experiencia moi pracenteira.

Converter en acuarela as rúas de Alfama en festa...

Uso técnicas mixtas, hai de todo, acuarela rematada en óleo, collage, unha base de cor ás veces... non son nada ortodoxa con iso, se fose ortodoxa non faría acuarela porque hai que ser moi pulcra e non é o meu caso. Son bastante chafalleira de feito

Iso queda dito.

Si, pódelo dicir, son unha pintora chafalleira

Dasme un gran titular

Ha, ha. Pero a partir desa desorde, dese garabato chafulleiro, é máis fácil compor

Nos retratos utilizas menos acuarela

Aí vou máis polo acrílico ou o óleo, sobre todo no formato grande, pero tamén con técnicas mixtas, con collage... a acuarela é rápida e transportable pero un maior formato pide técnicas máis sólidas e duradeiras

Lisboa foi definindo unha etapa na túa obra, xa es unha pintora de “etapas”.



Si, ha, ha. Xa levo catro anos alí, pero flutuando. Veño moito por Santiago

Só que Lisboa ten...

...un encanto especial! Ha, ha.

A señora ten paixón pola cidade

É unha paixón pola luz, ten unha luz moi guai. Din que é un tópico, un invento dos poetas

Un que o dicía era Alexandre O'Neill, "já muita gente andou à procura da alma de Lisboa, e andam e vão andar, mas que depois podia ser que não gostassem"

Pero creo que é certo, é unha luz moi particular, non sei se é o Tejo, a pendente sobre o río, pero alá está. Eu si gosto dela

A exposición reflicte o teu espazo vital en Lisboa

Está organizada en tres espazos, o exterior, o exterior medio, e o interior. O exterior está localizado todo nas festas de Santo Antonio, aínda que tamén están as vistas desde o estudo, que é o exterior medio

Tes o estudo en Damasceno Monteiro, no Bairro da Graça, todo un privilexio panorámico. Un continuo de fóra a dentro

De feito pensamos en utilizar o espazo da galería, que está fragmentado en tres, para manter esta secuencia de encadramentos, pero logo non o fixemos e mesturamos un pouco

En calquera caso hai unha transición gradual entre a paisaxe e o retrato.

Pode ser, aínda que era só unha maneira de expolo. Ao final tiña moito material, tamén algunha peza feita en Santiago e todo se mesturou. Déixolle ao espectador o xogo de recompoñelo todo.

Os retratos e os interiores do teu estudo lévanos de cabeza ao lamacento territorio da

autobiografía

Pinto do natural, non hai unha vocación autobiográfica, penso. Ou igual si, e este discurso meu é toda mentira

Pero inclúes fragmentos da túa vida, da cidade na que vives

É unha pintura que parte do natural e todo iso é só un pretexto, non un motivo. Pero si, está o meu estudo, a miña cociña, a miña cama, a xente que pasa por alí.

O lugar no que traballas é recorrente nos teus cadros

Non son moi consciente diso, pero si porque eu pinto o que vexo todo o tempo, non me canso de pintar o mesmo mil veces, é un pouco neurótico

Hai neurose na túa perspectiva da cociña, do baño, dos amantes e os amigos?

Non é neurose... déixame pensar... Non, non hai! Pinto só o que está diante... sobre todo non me cansa, gústame moito esa concentración, queremos as cousas que vemos, cousas e persoas. É un xeito de engaiolalas

Unha trampa de sedución

Si, pode ser, incluír xente na túa vida... si, que é, si

Semella a frecuencia modulada da túa obra, o intimismo, o erotismo, a vida doméstica

Como é unha pintura que parte do cotiá pois é iso... comes-bebes-amas

Está moi ben iso, comer-beber-amar

E xa vendelo é a hostia

Comes-bebes-amas-e-vendes todo iso. Parece bastante afastado do clasicismo, e da súa teima en procurar a identidade profunda das cousas

Realmente o que intento é unha composición musical, por exemplo, nas paisaxes do Santo Antonio. Hai unha intención de composición, moi en abstracto, non pensas moito nesas cousas... non me interesa tanto que se desprenda unha idea ou un carácter, unha emoción de tristeza ou alegría. A pintura é máis como un baile

Un ritmo da percepción

É iso. Non tanto transmitilo como intentar construílo dun xeito harmónico e pracenteiro. Dá moito ese pracer de resolver unha fórmula matemática ou xogar ao xadrez



Cos retratos igual

Cos retratos igual, e coas persoas igual

Que pode esperar un retratado dos teus retratos?

Unhas sesións de pose de puta madre, sempre teño un pouco de viño ou de marihuana para que a xente estea tranquila, poño música caralluda... de feito pode esperar de todo, nunca ninguén se queixou aínda... Bromas á parte, pode ser un coñazo, son moitas horas. Conseguir que estean cómodos e tranquilos é fundamental

É cal é a reacción dos modelos despois de ver o resultado?

No xeral sabes que pasa? Que como a xente vai vendo como o cadro vai evolucionando, sempre lle gusta... porque ti cando ves facer algo, a non ser que sexa un desastres esplendoroso, e aínda así, sempre che gusta...

Os retratados non chegan virxes ao momento final, digamos

Claro, exactamente... ha, ha. Creo que a xente gústalle moito que a pinten, é moi agradable, unha vez que permites que che observen así con detemento, atención, vontade, continuidade e insistencia, unha vez que te deixas ir, é xa un pracer. Eu ademais escollo modelos moi guapos

Oín dicir que tes bo ollo

Vanme gustando moito, ir descubríndoos aos poucos mentres traballas

Pero non tes intención de catarlle o carácter, os abismos psíquicos

Non, non me interesa un carallo iso, o espírito xa está impreso nos riscos de cada quen

Preparas a escena?

Lumínicamente si, pero logo é mais unha conversa, imos vendo como se desenvolve. Logo tamén hai unhas limitacións ou restricións técnicas, non pintas xente coa boca aberta, sería unha tortura telos aí papando moscas... Vou intimando co modelo, ás veces sae ben e outras non tanto, pero é así

Parece que a túa etapa lisboeta xa ten data data de clausura

Ata xuño si, estou un pouco cansa

De tanta luz

O ano pasado foi difícil. Tiven incluso unha crise vocacional e metinme en negocios escuros e absurdos.

A vida de pintora aínda precisa de negocios escuros para afirmarse, como no xornalismo ou a literatura?

Realmente non... se un está un pouco centrado pódese vivir deste traballo como de calquera outro, non se vive moi ben no xeral, pero... depende das túas necesidades, das ambicións de cada quen sobre todo... eu sempre vivín bastante ben porque estou a gusto con este tipo de vida... pero ás veces cansa

E hai que viaxar

Teño intención de ir a Malasia

E que vai procurar María Meijide a Malasia?

Marearme un pouco... quero facer unha viaxe sen necesidade de voltar... seguro que non o consigo nin de coña porque xa se sabe que isto tira moito

Rompes amarras con Santiago para ir lixeira

Si, e agora quero facer o mesmo con Lisboa e meterme nun proxecto editorial, con cadernos de viaxe e iso, para un par de libros de ilustracións

Santiago...

A cidade da que eu son

Xa non che queda que pintar aquí?

Non, para nada, encántame... teño a típica relación de amor odio co lugar no que nacín. É como estar casada. Pero ao final sempre volvo... a nivel artístico hai que ausentarse, evitar a endogamia, aínda que tampouco é necesario pirarse a Malasia para marearse un pouco

As túas recreacións de Santiago teñen unha luz un tanto peculiar para o que é tradicionalmente a paisaxe compostelá.

Si, é unha luz case andaluza. Eu formeime en Andalucía porque aquí tampouco había unha gran tradición pictórica. Na escultura e no debuxo si, con este románico espléndido que está por todas partes. Pero non hai unha escola pictórica ou cando menos eu non a mamei tanto. Hai autores puntuais, pero non escola pictórica.

En calquera caso non sería unha escola moi luminosa

Non, certamente non

María e o sur...

Eu creo que é moi bo e necesario pasar polo sur, aprendes a comprender a cor doutra maneira. Hai grandes paisaxistas portugueses porque teñen o sur. Hai que pasar por África se se pode, e non só pola pintura

A túa primeira exposición chamábase Cacheiras-Dakkar

Unha viaxe moi guai... saín de Cacheiras e acabei no Senegal, foi alí onde inaugurei o meus cadernos de viaxe.

Onde acaban esas marabillas encadernadas logo do traballo no taller?

Se hai sorte, vendo os orixinais como libros de autor.

Dígoche tres nomes a ver que che evocan. [Lucian Freud...](#)

A segunda xeración da Escola de Londres. Tecnicamente estou emparentada con ese estilo, pero son unha pintora moito máis de provincias que eles... non teño esa vocación expresionista, refocilarse no dramatismo propio ou alleo non ten nada que ver comigo

[Avigdor Arikha...](#)

En Lisboa dixéronme que a miña obra se asemellaba moito a del, e realmente sorprendeume o parecido. Paisaxes, naturezas mortas, retratos, pintura do natural... é o meu mundo

Solucións parecidas en ecuacións distantes

En xeral non me identifico con referencias ou escolas, gústanme as solucións concretas deste ou daquel autor. As paletas de Pissarro, por exemplo, encántanme

E Piet Mondrian?

[Mondrian](#) dáme pracer, son pinturas moi auténticas e sinceras. Non son pretenciosas, son acertadas. Se cadra, fáltalle un pouco de mambo...

Padece dun exceso de pureza, tal vez?

Tal Vez

[Seguinte >](#)

NACIONAL >

CREACIÓN

SOCIEDADE >

DEPORTE >

ZONA ABERTA

MUNDO

CIENCIA

EMIGRACIÓN

VIDAS

HUMOR

Colaboracións

móllate co Dioivo

O Dioivo é un medio aberto á túa colaboración. Se queres participar no Dioivo ponte en contacto connosco no enderezo electrónico colaboradores@dioivo.eu e cóntanos cales son as túas teimas.

Suxestións

onde máis chove?

É difícil estar a todo. Pensas que hai temas sobre os que contar e contrariar e que non tratamos aínda? Algunha crítica inspirada? Algún fallo garrafal? Cóntanolo en suxestions@dioivo.eu.

Subscripcións

precisamos un paraugas

Porque preferimos que nos subvenciones ti a que nos subvencionen outros convidámoste a facerte subscriptor do Dioivo, no noso [formulario](#) de contacto. Pregúntanos en subscricions@dioivo.eu.

Publicidade

vendes paraugas?

Queres publicitarte no Dioivo? Todo é posible. Envíanos a túa proposta ao seguinte enderezo electrónico publicidade@dioivo.eu e consegue un banner no medio da tormenta.

NACIONAL CREACIÓN SOCIEDADE DEPORTE ZONA ABERTA MUNDO
 CIENCIA EMIGRACIÓN VIDAS HUMOR OBITUARIOS